



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881.93 03 50  
les.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

## **Instrucións para o procesamento da Enquisa de grao de satisfacción na acollida do persoal.**

As enquisas gardaranse coidadosamente, pero o rexistro común de todas elas cubrirase definitivamente a finais de cada curso, aínda que sería aconsellable ir cubrindo os datos segundo se reciba cada enquisa, nun documento provisional.

En cada unha das celas da primeira táboa indicárase o número de enquisas recibidas que optaron por cada unha das cualificacións, é dicir, canta xente puxo cada unha das notas. Tamén se indicara a nota media correspondente a cada un dos apartados.

No caso de que esta nota media sexa inferior a 7, deberá considerarse o seguimento do procedemento de acollida ó novo persoal como non conforme, e farase constar explicitamente, como indica o procedemento PR8301, Tratamento das non conformidades.

Nas celas de Validación escribírase o número de persoal de nova incorporación que contestou á enquisa, indicando tamén o número de persoas que se incorporaron ó centro, no caso de que este número difira do anterior (por exemplo, se se incorporaron 20 persoas e só contestaron 18, indicárase 18/20), e tamén a porcentaxe de xente que contestou á enquisa (que no exemplo anterior sería do 90%)

Na última táboa recolléranse cada unha das propostas do novo persoal sobre o que estivo ben as cousas que deben mellorar, e as suxestións para incluír en novas acollidas